

Tema 24. O franquismo: as formas de oposición ao Réxime¹.

Orientacións da PAU: O alumnado deberá demostrar que coñece e caracteriza as diferentes formas de expresión adoptadas pola oposición ao franquismo ao longo da súa existencia: desde a primeira actividade guerrilleira na inmediata posguerra até o xurdimento de diversos movementos de oposición dentro dos piares do réxime (o exército, a Igrexa e o partido único) na etapa final do mesmo, pasando pola protesta estudantil e obreira, a organización de partidos políticos clandestinos, a actividade terrorista e a oposición desde o exterior.

Os documentos obxecto de comentario farán referencia:

- ás diferentes forzas de oposición ao Réxime predominante en cada etapa e o seu *modus operandi*;
- a actividade guerrilleira;
- a oposición estudantil;
- a oposición sindical;
- a oposición política interior e exterior;
- o terrorismo; a oposición na Igrexa, o exército e no partido único

1. INTRODUCCIÓN

A Guerra Civil (1936-1939) truncou o período democrático da II República e abriu as portas ao Franquismo, unha ditadura clásica, personalista e antidemocrática que asume os postulados ideolóxicos básicos da dereita máis conservadora, cos que formou un sistema denominado Movemento Nacional. Contra este modelo de dominación socio-política carente de dereitos e liberdades xurdiron diversos movementos de oposición que, ao longo da existencia do franquismo, adoptaron diferentes formas de expresión.

2. CONTEXTUALIZACIÓN DA OPOSICIÓN AO FRANQUISMO

Cando a Guerra Civil entraba na súa fase final, os vencidos víronse na obriga de tomar decisións que lle evitasen caer baixo o sistema represivo de Franco. Como consecuencia, moitas persoas saíron de España cara a un **exilio** do que, en moitos casos, non regresaron.

Unha grande porcentaxe dos exiliados trasladáronse a **Francia**, onde foron instalados en campos de refuxiados en condicións humillantes e infrahumanas na zona do sueste (Argelés, Saint Cyprien, etc.). Ao iniciarse a II Guerra Mundial, arredor de 200.000 exiliados volveron a España acolléndose a un indulto limitado. Entre os que decidiron quedar, houbo quen se sumou á resistencia francesa para loitar contra o nazismo. Deles, algúns acabaron en campos de concentración como Mauthausen, Dachau ou Treblinka. En **México**, o Goberno de Lázaro Cárdenas seguiu aberto á recepción de exiliados, e a maioría das repúblicas iberoamericanas mantiveron unha actitude semellante. A **Unión Soviética** foi outro país importante de acollida, especialmente para os afiliados do Partido Comunista.

No interior de España, en febreiro de 1939 publicábase a Lei de Responsabilidades Políticas; en 1940 aprobábase a Lei de Represión da Masonería e o Comunismo; e, ao ano seguinte, a Lei de Seguridade do Estado. Como consecuencia, o número de **presos** foi moi alto, habilitándose **cárceles especiais** nas que a tortura, as malleiras e as mortes eran frecuentes. De entre os prisioneiros, máis de 30.000 foron **executados**. Iguais sufrimentos padeceron os que aceptaron a **redención de penas por traballo**, os chamados “escravos de Franco”. Os sospeitosos que permaneceron en liberdade foron depurados polas súas ideas, especialmente os funcionarios, empregados de institucións e intelectuais. Así pois, calquera que tivese relación coa república considerábase perigoso e era apartado de toda responsabilidade pública.

3. A PRIMEIRA ACTIVIDADE GUERRILLEIRA NA INMEDIATA POSGUERRA

¹ Material de Francisco José Orge Ventín adaptado do manual de Historia de España 2º de Bacharelato da editorial Baía

Na inmediata posguerra, e como resposta a este réxime ditatorial carente de dereitos e liberdades, determinados grupos e partidos políticos decidiron empregar como arma fundamental a loita armada. Son os **guerrilleiros**, tamén coñecidos como “*maquis*” nalgunhas zonas. Esta actividade guerrilleira foi moi intensa en Asturias, León, Sistema Ibérico, Andalucía e Galicia (foron -aproximadamente- 10.000 os guerrilleiros) entre 1944 e 1952.

Os anos iniciais da guerrilla foron de supervivencia, formación e organización, até que en 1944 se reúnen os principais dirixentes para lograr unha unidade de acción. Porén, esta unidade de acción resultaba moi difícil de levar a cabo debido á implacable persecución á que estaban sometidos por parte das forzas da orde pública, especialmente da Garda Civil. A partir de 1947, este labor de persecución desenvolveuse ao amparo da Lei de Represión da Bandidaxe e do Terrorismo.

As guerrillas contaron co apoio silandeiro da poboación, e nelas tiveron cabida todas as ideoloxías contrarias ao réxime de Franco, sendo a máis significativa a **comunista**. Así pois, o Partido Comunista era a fonte da que procedía o sentido organizativo, a conciencia política e a disciplina do movemento guerrilleiro. Na resistencia, a muller xogou un importante papel, non tanto como guerrilleira, senón apoiando na retagarda, o que lle ocasionou duras sentenzas. Aínda que as guerrillas sufriron unha grave derrota no Val de Arán (outubro de 1944), non foron erradicadas definitivamente até 1952/54.

En **Galicia**, a actividade guerrilleira foi algo realmente excepcional no panorama español, tanto polo número de guerrilleiros, como pola súa supervivencia. A partir de 1950, e como consecuencia das consignas chegadas de Francia de que se debía abandonar a resistencia armada e concentrar a actividade na oposición política, a actividade da guerrilla descendeu considerablemente. Xa quedaban moi poucos guerrilleiros, pero seguían actuando algúns dos máis coñecidos, que irían caendo nas mans da xustiza franquista: **Benigno Andrade García**, *Foucellas*, o máis emblemático (1952); **Pancho** (1954); e **José Castro Veiga**, *Piloto*, o derradeiro guerrilleiro que morre coas armas na man en 1965.

4. A PROTESTA ESTUDANTIL E OBREIRA DA DÉCADA DE 1950

A finais da década de 1940 empezou a rexurdir en España un tímido movemento de protesta, protagonizado polas clases traballadoras contra as precarias condicións de vida e de traballo. Estas primeiras actuacións amosaban o rexeitamento á ditadura e eran froito da incipiente reorganización da esquerda.

A partir de 1946 houbo **conflictos laborais** nos sectores téxtil, metalúrxico, químico e naval. Nese mesmo ano levouse a cabo unha primeira folga xeral no País Vasco. Unha acción reivindicativa de gran transcendencia popular foi a folga de tranvías de Barcelona, en 1951, acaecida como consecuencia do empeoramento da vida debido ao aumento dos prezos (incremento de 20 céntimos no prezo do billete de tranvía provocou un boicot xeneralizado da poboación). En 1958, un movemento de folga en Asturias supuxo a imposición do estado de excepción durante catro meses.

Tamén se desenvolveu un importante **movemento estudantil** que se opoñía ao sindicato de estudantes oficial (SEU), e que esixía liberdades políticas e unha reforma da universidade. As manifestacións máis significativas tiveron lugar nas universidades de Madrid, en 1956, e de Barcelona, en 1957. A gravidade dos incidentes provocou o peche temporal da Universidade e a destitución do Ministro de Educación, Joaquín Ruiz Jiménez, por ter demostrado no conflito un talante negociador e máis aberto do permitido polo réxime. A partir deste momento, e malia a dura represión académica e policial, o movemento universitario foise espallando a outras universidades españolas.

5. A OPOSICIÓN AO FRANQUISMO NA DÉCADA DE 1960

Na década de 1960 fóronse ampliando os eidos de oposición ao réxime, como consecuencia dos profundos cambios experimentados pola sociedade española que, en proporción crecente, aspiraba ás mesmas liberdades que se desfrutaban en Europa.

[Loita obreira]

No eido da loita obreira proliferaron as folgas que, ás súas reivindicacións básicas de carácter estritamente profesional (salarios, condicións de traballo, etc.), incorporaban cada vez con máis frecuencia reivindicacións de tipo político como o dereito de folga, de manifestación ou de libre sindicación. Neste contexto naceron as **Comisións Obreiras**, de inspiración comunista, aínda que abertas a todos os sectores e ideoloxías. Este grupo aproveitou a organización sindical oficial para organizar os traballadores a través dos convenios laborais e das eleccións sindicais. O seu éxito nas eleccións sindicais de 1966 fixo que o goberno as declarase ilegais (1967) e as reprimise duramente. En 1972 foi detida e xulgada a súa dirección no chamado **Proceso 1001**, que acabou coa aplicación de condenas moi severas aos dirixentes sindicais, entre eles **Marcelino Camacho**.

Para controlar estes líderes e ás masas obreiras, o réxime puxo en práctica todo tipo de medidas represivas: presión por parte da patronal, despedidos, multas ou a creación do temido e poderoso **Tribunal de Orden Público** (TOP).

[Protesta estudantil]

No eido universitario, a incorporación de mozos nados despois da Guerra Civil e fortemente influídos polos cambios sociais e culturais destes anos, fixo da reivindicación explícita das liberdades democráticas unha constante, alcanzando as **protestas de 1965** unha grande magnitude. A elas respondeu o Goberno de forma severa: sancións a estudantes, peche de centros e expulsión de profesores (Enrique Tierno Galván, José Luís López Aranguren e Agustín García Calvo). A loita contra o SEU, Sindicato Español Universitario (sindicato obrigatorio e falanxista), levou á creación de sindicatos democráticos de estudantes claramente enfrontados á ditadura. A resposta represiva das autoridades franquistas non fixo máis que radicalizar o movemento estudantil, sobre todo a partir do impacto do Maio do 68 francés. A tensión creceu en xaneiro de 1969, cando os estudantes barceloneses asaltaron a reitoría e pouco despois morría en Madrid o estudante Ruano, quen, segundo a versión oficial, se suicidou cando estaba detido pola policía. A propagando do réxime aproveitou a ocasión para denunciar a infiltración comunista na Universidade.

[Oposición dun sector da Igrexa]

No eido da Igrexa católica española, o espírito renovador introducido polo Concilio Vaticano II (1962-1965) supuxo un cambio de propostas políticas e sociais, en especial nas novas xeracións do clero e a poboación católica. A actitude cada vez máis independente da Igrexa española molestou os políticos do réxime, incapaces de comprender esta deslealdade. Algúns sectores eclesiásticos comprometidos coa liberdade e cos dereitos humanos participaron en organizacións políticas e sindicais, manifestáronse nas rúas, en encerros ou publicaron cartas colectivas de protesta. O goberno abriu o cárcere de Zamora para eclesiásticos e actuou contra algúns bispos. As relacións coa xerarquía eclesiástica arrefriaron, e en ocasións foron moi tensas.

[Grupos e partidos políticos ilegais]

Nesta década de 1960 produciuse no interior de España unha proliferación de partidos que, desde a **clandestinidade**, desenvolveron un labor sistemático de oposición ao réxime. Sintetizando o complexo panorama político da oposición destes anos, poderíanse establecer os seguintes grupos principais:

- O **Partido Comunista de España** (PCE). Até ben avanzada a década dos sesenta era o único partido anti-franquista con verdadeira implantación social no interior do Estado. Encabezou a loita pola restauración da democracia e defendeu a necesidade dunha reconciliación nacional.
- O **Partido Socialista Obreiro Español** (PSOE). Moi minoritario dentro de España, empezou a saír á luz nas postrimerías do franquismo, sobre todo a partir do Congreso celebrado en 1974 en Suresnes (Francia), no que se renovou a súa dirección, que pasou do exilio ao interior do Estado, con Felipe González como novo secretario xeral.
- Os **novos partidos de extrema esquerda**. Canalizaron o descontento da xuventude máis radical, identificada coas novas experiencias revolucionarias do Maio do 68 francés ou de Mao Ze Dong en China. Algún deles derivou incluso cara ao terrorismo, como Frente Revolucionario Antifascista y Patriota (FRAP).

- Os **novos partidos minoritarios de carácter moderado**. Entre eles atopábase Izquierda Democrática, de orientación demócrata-cristiá.
- Os **partidos nacionalistas**. Revitalizáronse os históricos Partido Nacionalista Vasco e Esquerra Republicana de Cataluña, e apareceron novas formacións, das cales dúas terían un grande protagonismo posterior: Convergencia Democrática de Cataluña; e ETA (*Euskadi ta Askatasuna*, “Euskadi e Liberdade”), que na súa orixe foi un grupo de reflexión política dentro do PNV, pero que en 1959 se separou del e anos despois orientouse cara ao terrorismo como táctica de loita.

A oposición ao réxime foi convidada ao **IV Congreso do Movemento Europeo** reunido en Múnic en xuño de 1962. Salvador de Madariaga organizou a asistencia dunhas 120 personalidades españolas do interior e do exterior. Ao final elaborouse unha declaración a favor da democracia e de condena ao réxime. A prensa do Movemento cualificou a reunión como “**contubernio de Múnic**”. O goberno, irritado, reaccionou con dureza contra os participantes do interior, como Gil Robles e Dionisio Ridruejo. Uns foron metidos no cárcere e outros desterrados, con grande escándalo da prensa europea de esquerdas e de dereitas.

Franco aproveitou esta crise para formar un novo goberno de aspecto máis amable, con renovadores como Fraga, Solís, Lora Tamayo e López Bravo, pero a execución de **Julián Grimau** en 1963 demostrou que todo continuaba igual.

6. A OPOSICIÓN AO RÉXIME NA SÚA ETAPA FINAL

Dende comezos da década de 1970 até a morte de Franco (1975), o franquismo estivo condicionado polo aumento da conflitividade social, a ampliación da oposición democrática e as tensións no interior do réxime, que facían evidente o seu desgaste e impopularidade.

[Oposición no interior]

No contexto dos “*principios do 12 de febreiro*”, un grupo de xoves políticos e intelectuais pretenderon unha transformación do réxime cara a posicións máis democráticas dende dentro do propio sistema. Foi o grupo **Tácito** (pseudónimo co que os seus compoñentes asinaban a maior parte dos artigos periódicos). Moitos dos seus compoñentes entrarán a formar parte do Goberno de Adolfo Suárez tras a morte de Franco.

Tamén na **Igrexa**, tradicional apoio do réxime, xurdiron enfrontamentos. O máis grave foi o caso do bispo de Bilbao, Monseñor Añoveros, orixinado pola defensa que este fixo nunha cara pastoral (febreiro de 1974) do uso do eusquera. A tensión entre o Vaticano e o Estado español foi máxima, poñéndose de manifesto a paulatina perda de apoio de importantes sectores da Igrexa ao réxime.

A oposición dentro do **exército** estivo representada pola **Unión Militar Democrática**, organización fundada en agosto de 1974 que intentaba que a institución militar non fose un obstáculo no camiño cara á democracia. A UMD nacía sen ningunha vocación golpista e coa intención de disolución cando os obxectivos do seu ideario fosen unha realidade. Ademais, rexeitaban todo protagonismo das forzas armadas na transición política. Con isto, o principal soporte do réxime autoritario de Franco, o exército, manifestaba que xa non era a vella institución monolítica de anos atrás e que unha serie de oficiais xoves pretendían un cambio.

O **mundo obreiro e universitario** intensificou a súa actividade fundamentalmente a través de folgas, manifestacións e protestas; e a **actividade terrorista** contribuíu ao clima de malestar social nos meses finais de 1974 e inicios de 1975, con numerosos atentados de ETA, FRAP e GRAPO.

Pese á situación crítica do réxime, este seguía sendo contundente e duro. En marzo de 1974 era executado o anarquista **Salvador Puig Antich**; e en agosto de 1975 aprobouse unha nova lei antiterrorista que ampliaba a aplicación da pena de morte. Baixo estes supostos prodúcense diversos consellos de guerra que ditaron once penas de morte para implicados en actos terroristas. As peticións de clemencia chegaban de todas partes, pero ningunha foi escoitada. Ademais, o número de sentenzas do TOP ían en aumento.

[Oposición no exterior]

No exterior, os partidos e organizacións anti-franquistas iniciaban un proceso de unidade para poder conseguir para España unhas institucións democráticas semellantes ás da Europa Occidental. En xullo de 1974, por iniciativa do líder do PCE Santiago Carrillo, constituíase en París a **Junta Democrática**, e en xuño de 1975 organizábase a **Plataforma de Convergencia Democrática**, liderada polo PSOE. Tanto nun caso como noutro reclamábase un sistema democrático e un proceso constituínte. Finalmente, os contactos entre ambas deron como resultado a **Platajunta** (30-10-1975).